

CROSSING

Levan Akin, 2024

1386

ESTREA EN NUMAX: 04.10.2024 | V.O.S.E. | +12 | 106 min

Lia, unha profesora xubilada, prometeu atopar á súa sobriña Tekla, perdida hai moito tempo. A súa procura lévaa a Istambul, onde coñece a Evrim, unha avogada que loita polos dereitos das persoas transexuais, e Tekla empeza a sentirse máis preto que nunca.

«Unha emotiva viaxe interxeracional sobre a expiación e a aceptación»

William Repass, SLANT



Entrevista con Levan Akin: «Faime moi feliz que Lia exista agora na miña filmografía, sempre debeu estar aí»

Por Tim Grierson

O seu filme é unha alegación a favor das persoas trans, pero tamén lles lembra aos espectadores que non deben ter prexuízos contra as persoas maiores, que quizais non son tan anticuadas na súa forma de pensar como poderíamos supoñer. Lia está inspirada en moitas persoas maiores que tiveron preto mentres medraba, sobre todo mulleres. En Suecia, hai moita segregación por idades, se alguén é maior dis: “Meu Deus, é un vello” e non interactúas. Eu fágoo, pero se vas a un bar aquí, non é un ambiente tan heteroxéneo como en Turquía ou Xeorxia. Aquí espérase que os anciáns se murchen sós, non se quere ver o proceso de envellecer. Eu medrei rodeado de xente maior porque teño unha herdanza diferente. Sempre me gustou moito a historia e escoitar as historias da xente maior. Eu fun o neno pequeno que sempre sentaba no colo dunha muller mentres outras mulleres falaban e bebían té. Sentíame máis seguro alí que nos espazos masculinos, probablemente porque era gai, aínda que daquela non o sabía. Había algo no que me resultaba ameazante no aire deste sistema patriarcal do que sempre quixen fuxir.

Ademais, mentres medraba sempre me gustaron eses personaxes maiores que teñen un corazón de ouro. En Suecia, só tiñamos dúas canles nos 80 antes de que chegase o cable e había unha serie canadense chamada *Anne, a de Tellas Verdes* (1985). Namorei de Marilla, era a miña favorita. Adoro esa actriz, Colleen Dewhurst (...) Era boísima. Sempre me sentín moi atraído por ese tipo de persoas, así que me fai moi feliz que Lia exista agora na miña filmografía, sempre debeu estar aí.

Despois das ameazas de morte que recibiches por *Só nos queda bailar* (2019) estabas preocupado ao facer *Crossing*? Non o estaba, a verdade. A miña produtora Mathilde Dedye, tomou precaucións por se acaso, pero Xeorxia é un país moi seguro e a xente é moi moi aberta. Eses que berran mais alto son unha pequena minoría e probablemente nin lembren o meu nome. No caso deste filme, segundo se estreou en Berlín, empezaron a escribir artigos despectivos nos medios e a chamarlle todo tipo de barbaridades. Entón tomamos unha decisión moi consciente: non quixemos que se proxectara en Xeorxia porque non queríamos que fose utilizada con fins políticos. Proxectarémola nalgún momento, pero xa veremos como.

***Crossing* non pretende ser un documental, pero pasaches moito tempo investigando a comunidade trans en Istambul. A investigación tamén fora central en *Só nos queda bailar*. Parece que che interesa moito coñecer os mundos que narras.** Dirixín moito cando era máis novo en Suecia – fixen moita TV e cousas polo estilo – e un día dixeron: “Espera, isto só é un traballo. Que sentido ten? Non podo ser simplemente un director. Quero facer algo que teña máis sentido co meu tempo.” Así que a idea de que cada parte do proceso fose interesante para min (aprendendo e vendo cousas novas) foi unha forza impulsora no meu cinema. E entón o que pasa, inevitablemente, é que coñeces xente, vexo cousas específicas que quero compartir co público ou que quero captar.

Sempre me obsesionou a noción do tempo e as cousas perdéndose no tempo (...) Como un movemento, unha chispa. Iso é o que quería facer tanto en *Só nos queda bailar* coma neste filme. Para ser capaz de facer iso, teño pasar tempo alí e estar neses lugares.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

(h)amor trans,
VV.AA.
Contintameties, 2021

Las gratitudes,
Delphine De Vigan.
Anagrama, 2021